

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A presente programación didáctica está elaborada para desenvolverse durante o curso 2023/2024 no 5º nivel do 2º ciclo de educación infantil, é dicir, co alumnado de 4 anos.

Para a elaboración desta programación de aula partiuse da normativa vixente, sendo a que se nomea a continuación:

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio , de Educación, modificada parcialmente pola LOMCE.
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Á súa vez partiuse da Concreción Curricular da etapa de educación infantil, recollida no Proxecto Educativo do centro.

O CEIP ESCARABOTE no que se desenvolverá esta programación, está situado no núcleo rural de Rosomil, na parroquia de Lampón-Escarabote do concello de Boiro.

O alumnado escolarizado no centro, e en concreto, os nenos/as de infantil proceden na súa maioría das zonas rurais da parroquia de Lampón-Escarabote.

Da situación sociolingüística pódese destacar que galego é o idioma predominante no que foron socializados os nenos/as e o que empregan con maior asiduidade na súa vida cotiá. Segundo os estudos levados a cabo polo equipo directivo do centro en relación ao alumnado de 6º de Educación Infantil, o galego é a lingua vehicular maioritaria, polo que será o idioma no que se imparta a docencia no presente curso escolar, seguindo así o disposto no Decreto 79/2010 do 20 de maio. Non obstante,

formarase ao alumnado na comprensión e expresión na outra lingua oficial de Galicia, o castelán, e iniciárase no coñecemento dunha primeira lingua estranxeira, o inglés.

En canto ás características do alumnado deste ciclo, con idades comprendidas entre os 3 e os 6 anos sitúase, seguindo a Piaget, no período preoperatorio, no que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, que teremos en conta ao levar a cabo a nosa práctica educativa:

A NIVEL COGNITIVO os cativos/as desenvolven a capacidade de pensar simbolicamente, imitan obxectos de conduta, desenvolven o xogo simbólico, realizan debuxos, crean imaxes mentais e avanza no uso da linguaxe falada.

A NIVEL PSICOMOTOR son capaces de realizar movementos cunha maior precisión e finura, incrementase a forza, afiánzase a lateralidade e tamén a estruturación espazo-temporal.

A NIVEL AFECTIVO-SOCIAL configura a súa identidade sexual e de xénero, desenvolve os vínculos de apego e de amizade, aínda que cunha certa predominancia do egocentrismo e da inestabilidade emocional.

Aínda que todas as características descritas son de gran importancia, non debemos esquecer que se tratan de aspectos xerais e que á hora de traballar na aula cos alumnos/as, debemos partir das características propias de cada un deles/as, impulsándoos a madurar individualmente a través da actividade educativa que desenvolveremos no transcurso do curso académico. Polo tanto, todos estes aspectos serán tidos moi en conta á hora de deseñar e levar a cabo esta programación de aula, que como se sinalaba, está dirixida ao alumnado de 4 anos, do 5^a nivel do 2^o ciclo de educación infantil formado por un grupo de 9 alumnos/as (3 nenas e 6 nenos).

A programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna no curso de 5^o de EI ten como finalidade a construción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como

un todo integrado, así como as súas interrelacións ,favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno .

O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións, así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolta, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Considérase fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada docente. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso, onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos todo tipo de actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais, así como das destrezas lóxico-matemáticas, que faciliten o descubrimento da contorna física e social, e a creación dunha idea cada vez máis complexa do mundo, sempre mediante o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Terán tamén cabida nesta unidade todas as actividades que se repitan ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	40	X		
2	Descubríndome a min mesmo/a	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconhecimento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Descubríndome a min mesmo/a	Favoreceremos o traballo de propostas centradas na familia e na escola como primeiros contextos de socialización e fonte de estímulos, xerando vínculos de confianza, empatía e apego nos que se baseará o seu desenvolvemento persoal e aprendizaxe social.	40	X		
3	Xeitos de expres-arte	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As actividades relacionadas co coñecemento do patrimonio e manifestacións artísticas da contorna serán o eixo desta categoría.	40	X		
4	A historia da xente	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, profesións... Interesa desenvolver de xeito progresivo actividades encamiñadas a potenciar o método científico, o pensamento computacional, a iniciativa investigadora e a curiosidade polo coñecemento e o descubrimento.	40		X	
5	Descubrindo o reino vexetal	Categoría na que traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, ben a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, ben traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura, etc. Promocionaranse actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto e valoración por un desenvolvemento sostible, consumo responsable, e coidado do medio natural.	40		X	
6	Descubrindo o reino animal	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, á relación cos seres humanos... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras de coidado e portección das mesmas.	40			X
7	O mundo que me rodea	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima como a relación que poda ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e outros aspectos relacionados. Potenciaranse propostas centradas no coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna.	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de un ou dous atributos.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece e emprega cuantificadores básicos de xeito verbal e manipulativo.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece cantidades numéricas de xeito manipulativo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega nocións temporais básicas en rutinas e situacións cotiás-	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Secuencia accións para deseñar solucións que se podan aplicar ás diferentes situacións probemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Iniciase no emprego de estratexias para superar a frustración ante situacións problemáticas-	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Aplica estratexias, de xeito guiado, e diseña solucións para resolver retos-	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións, de xeito guiado, mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas valorando respectuosamente as aportacións alleas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa activamente en actividades STEAM .	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Identifica e diferencia situacións favorables e desfavorables para o medio natural.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valora positivamente as relacións afectivas nos seus ámbitos de proximidade.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa interese por relacionarse con persoas da súa contorna.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos de familia e parentescos valorando cada un deles.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
2	Descubríndome a min mesmo/a	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes, empregando nocións espaciais básicas.	TI
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa gráficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Participa en actividades manipulativas mostrando interese polos resultados.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo e outros materiais para efectuar medidas en diferentes situacións cotiás.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional.

UD	Título da UD	Duración
3	Xeitos de expres-arte	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica formas xeométricas planas.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación, mostrando iniciativa.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

UD	Título da UD	Duración
4	A historia da xente	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición ,propia ou allea, mostrando interese.	TI
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
5	Descubriendo o reino vexetal	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación, mostrando iniciativa.	TI
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais como naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas así como as súas características.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de

Contidos

- coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
6	Descubriendo o reino animal	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais como naturais.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas así como as súas características.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo que me rodea	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica formas xeométricas básicas.	TI
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes empregando nocións espaciais básicas.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Participa en actividades manipulativas mostrando interese polos resultados.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo e outros materiais para efectuar medidas en diferentes situacións cotiás.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais como naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas así como as súas características.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Diferencia algunha profesión, organización e servizo da súa comunidade.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición, propia ou allea, mostrando interese.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.

Contidos

- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contido ,que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais , sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende

un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles , así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

Para levar a cabo esta programación basearémonos na metodoloxía de proxectos coa que o neno/a será o protagonista activo das súas aprendizaxes. Para iso teremos en conta as seguintes CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

-A perspectiva globalizadora, xa que parece a máis adecuada para que a aprendizaxe sexa sempre significativa, partindo dos coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema, ir presentando novos coñecementos que teñan significatividade lóxica para eles, a través de actividades que esperten o interese e a motivación dos neno/as.

-Importancia do xogo como principal actividade coa que o neno/a aprende.

-Potenciar os procesos de observación, manipulación, experimentación, descubrimento e investigación co gallo de garantir novas aprendizaxes.

-Creación dun ambiente seguro e de confianza, onde os nenos/as poidan desenvolver a súa autonomía e reforzar a súa autoestima.

-Atender á diversidade, a través da formulación das

actividades (individuais e en grupo) e da integración de todos os neno/as no grupo de traballo , de xeito que desenvolverán actitudes de respecto e tolerancia cara aos demais.

-Organizar dun xeito flexible o tempo, os materiais e o espazo.

-Respectar os ritmos de actividade, xogo e descanso.

-Programar actividades, colectivas e individuais.

-Considerar a participación da familia como un elemento importante na elaboración do proxecto.

-O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará orientado cara o emprego das mesmas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumnado iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes á súa idade e estado madurativo.

O paradigma educacional referente debe ser o de «aprender a aprender» e de «aprender facendo». Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre. Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas. Así, proporáanse

tarefas e retos que inciten as alumnos/as a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Material manipulativo: regletas, xeoplanos, bloques lóxicos, policubos...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Curriculum, P.E...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Materil de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)

O material constitúe un instrumento de primeira orde no desenvolvemento da tarefa educativa xa que é empregado polo nenos e nenas para levar a cabo a súa actividade, os seus xogos e a súa aprendizaxe.

O material que se empregue nas aulas ou nos espazos da contorna educativa terá unha serie de calidades tales como: resultar interesantes para o alumnado, servir de apoio ás mestras na formulación e consecución de obxectivos, na organización do grupo e temporalización de actividades e sobre todo cumprir determinados requisitos en canto a seguridade, limpeza e manexabilidade.

Segundo a súa procedencia o material poderá ser de tipo comercial, elaborado polos mestres, polos propios nenos ou procedente da contorna natural ou familiar.

Atendendo á súa utilidade débese ter en conta que un mesmo material pode ter variados usos e, polo tanto, contribuír ao desenvolvemento das distintas capacidades dos cativos. Así mesmo, a utilización que pretendamos facer dos recursos materiais non debe obviar a actividade lúdica, proporcionando ricas e variadas posibilidades de xogo, actividade natural da cativada.

Co fin de favorecer a inclusión de todo o alumnado, prestaráselle unha especial atención á accesibilidade do material manipulativo na aula.

Pero ademais dos recursos materiais débense considerar os humanos, contando coa colaboración de tódolos mestres do centro e en especial dos que imparte clase no ciclo de infantil (especialista de inglés, de relixión, de audición e linguaxe, de psicomotricidade, de música e a mestra de apoio á etapa). Ao referirnos ós recursos humanos non

debemos obviar tampouco ás familias, resultando imprescindible a súa colaboración para o establecemento de metas educativas comúns entre o contexto familiar e escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Nesta etapa educativa cada neno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe, polo que esta avaliación será individualizada e permitirá apoiar ao alumnado naqueles aspectos que máis precise. Esta avaliación atenderá aos diferentes ámbitos de desenvolvemento do alumnado, e cabe destacar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a indentificación temperá das necesidades educativas coma para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Nesta etapa a valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e nenos.

-Avaliación inicial: aspectos e situacións previas dos que parte toda acción educativa.

-Avaliación formativa: para valorar os progresos e dificultades dos alumnos/as co fin de adaptar a actividade escolar se fose preciso.

-Avaliación final: informaranos sobre a situación desexada á que se quere chegar ao final do proceso educativo co alumnado. Para elo tomaremos como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada unha das áreas e os seus mínimos de consecución.

Os procedementos para realizar a avaliación serán os seguintes:

- Entrevista inicial cos pais/nais ou persoas titoras legais ao comezar o curso escolar.
- Ficha de observación do período de adaptación.
- Observación sistemática e individualizada que permitirá coñecer como asimilan os alumnos/as a súa experiencia educativa e mellorar o proceso.
- Análise das producións das nenas e dos nenos.

Os instrumentos para realizar a avaliación serán os seguintes:

- Modelo de ficha para recoller información directamente dos pais.
- Modelo de ficha para recoller distintos aspectos do período de adaptación.
- Observación directa e análise de todos os traballos que se realicen no día a día (producións plásticas, escritas, musicais...).
- Anecdarios.
- Boletín informativo trimestral para as familias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación(sen dificultade, en proceso, con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra ou

mestre.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesitan facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita na aula	Ocasionalmente poderase convidar a unha persoa relacionada co ámbito traballado : músico, escritora, cociñeiros, traballadora do porto, comunidade de montes, sesión de ioga, conductoras de bu	X	X	X
Contacontos	Voluntariamente poderá vir un familiar para contar un conto que teña relación ,procurando que sexa unha actividade plurilingüe e coherente con criterios de igualdade de xénero.	X	X	X
Saída de campo	Farase alguna saída para afondar no tema traballado ou criterios transversais: mercado, lonxa, museo, biblioteca do concello, o barrio, a contorna próxima...	X	X	X
Obradoiros	As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns, elaboración de disfracesetc	X	X	X
Proxectos medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza (Hortas urbanas, limpeza litoral,etc)	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,etc)	X	X	X
Saídas fin de curso	Actividade de carácter lúdico argallada como remate do curso escolar.			X

Observacións:

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se empregan. Entre estas atoparíanse, polo tanto, as conmemoracións e outras semellantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao de consecución por parte do alumnado dos obxectivos programados
Metodoloxía empregada
Adecuación dos medios empregados
Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación
Inconvenientes atopados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos espazo e tempos
Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos traballos a nivel individual
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación cos membros do equipo docente
Coordinación co resto do profesorado do centro
Interrelación coas familias do alumnado

Descrición:

Para avaliar a nosa práctica docente faremos unha valoración por parte de todos os membros do ciclo nas xuntanzas trimestrais e mensuais atendendo aos indicadores de logro indicados. Todos eles teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito trimestral revisarase o seguimento e cumprimento das programacións didácticas de aula por parte de cada titoría.

Anualmente a finais de cada curso escolar o equipo de ciclo de Educación Infantil reunirase para facer a avaliación da programación do ciclo así como as propostas de mellora cara ao curso seguinte que quedarán recollidas na Memoria.

9. Outros apartados